

Preguntas frecuentes Tarxeta Benvida

1. Onde podo utilizar a miña Tarxeta Benvida?

Esta tarxeta só pode ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados e tendas de alimentación. Non ten operatividade como medio de disposición de efectivo en caixeiros automáticos, oficinas bancarias nin ningunha outra rede de disposición de efectivo.

2. Como podo saber o meu saldo?

Poderás coñecer o saldo da túa tarxeta en todo momento e de forma totalmente gratuíta a través de:

- www.damemisaldo.com de ABANCA
- A boleta dunha TPV ABANCA onde realizases algunha operación coa Tarxeta Benvida
- Os caixeiros de ABANCA, onde tamén poderás consultar os últimos movementos

3. Vixencia da miña tarxeta

A data de caducidade da Tarxeta Benvida aparece estampada no anverso do propia tarxeta e coincide cunha vixencia máxima de 12 meses desde o do nacemento ou adopción do teu fillo ou filla.

En calquera caso non poderá ser usada con posterioridade ao 31/12/2017.

4. Esquecín o PIN da miña tarxeta

Remite un correo electrónico ao enderezo electrónico tarxetabenvida.familia@xunta.gal

5. Marquei tres veces mal o PIN e bloqueouse a tarxeta

Remite un correo electrónico ao enderezo electrónico tarxetabenvida.familia@xunta.gal

6. Roubáronme ou perdín a miña tarxeta

Se extraviaches a túa tarxeta ou sospeitas que cha poidan ter roubado, debes comunicalo inmediatamente ao enderezo electrónico tarxetabenvida.familia@xunta.gal ou ao teléfono 981 544 623 de luns a venres e de 12.00 a 14.00 horas.

Tamén podes comunicalo ao correo 012@xunta.gal